



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



DEPORTE
GALEGO

CIR-024/23

DEPORTE ESCOLAR 2024

Dirixímonos a vós co obxectivo de informarvos sobre algúns cambios importantes relacionados co deporte escolar e a programación destes eventos no vindeiro ano 2024.

Nun esforzo por alcanzar un convenio único que abarque todas as provincias que contan con clubs de patinaxe artística, a presidenta da F.G.P. mantivo varias reunións coa coordinadora da Xunta para o Deporte Escolar e coas delegacións provinciais co fin de poder establecer un convenio de deporte escolar uniforme para toda Galicia.

Lamentablemente, non foi posible chegar a un acordo unificado debido á autonomía que cada provincia ten fronte á Xunta na organización do Deporte Escolar.

Como resultado, a Federación Galega de Patinaxe tomou a decisión de non establecer unha data específica no calendario oficial para a celebración do deporte escolar. En lugar diso, cada delegación provincial operará de maneira autónoma e a F.G.P. considerará o deporte escolar como un evento semellante a un trofeo amigable convocado pola delegación provincial da Xunta de cada provincia en caso de que a delegación provincial decida convocalo.

Por tanto, o Deporte Escolar nos será considerado como unha competición oficial para a F.G.P., dependendo exclusivamente das delegacións provinciais a súa celebración e actuando a F.G.P. como entidade colaboradora en caso de convocarse.

Por outra banda, queremos recordar a todos os estamentos involucrados que é fundamental inscribirse no programa de deporte escolar da Xunta dentro do prazo establecido para tal fin. Toda a información está dispoñible na páxina web <https://xogade.xunta.gal/es/deportiva>

Ademais, instámosvos a poñervos en contacto coas vosas respectivas delegacións provinciais para coordinar a realización do deporte escolar na vosa provincia e solicitar a sede correspondente co fin de que a vosa provincia poida disfrutar de este evento.



FEDERACION GALEGA DE PATINAXE

Plaza de Agustín Díaz, 3 (Complejo Deportivo Elviña)
15008 - La Coruña
Teléfonos - 981-130.994 – 981-134.183
www.fgpatinaje.com – Email: secretaria@fgpatinaxe.gal
CIF: G15070451



DEPORTE
GALEGO

En algunhas provincias, como no caso da Coruña, dende a F.G.P. brindamos propostas de datas ás delegacións. Con todo, en outras provincias, as datas aínda non están completamente definidas ou non está claro o interese de celebrar o evento por parte das delegacións. Por iso, instamos aos propios clubs a expresar o seu interese na celebración do deporte escolar e empurrar ás delegacións para que se concrete a programación nas súas respectivas provincias.

Agradecemos a vosa comprensión e colaboración neste proceso. Traballaremos xuntos para garantir que o deporte escolar siga sendo unha parte fundamental do noso compromiso coa patinaxe artística en Galicia.

Comité de Patinaxe Artística

Vigo, 10 novembro 2023

